

IV Plan Municipal de Igualdade entre Mulleres e Homes

súmate á igualdade (+=)

#máisiguais+=!

Concellaría de Igualdade e Diversidade
Concello de Carnota

IV Plan Municipal de Igualdade entre Mulleres e Homes

súmate á igualdade (+=)

Ilustracións e deseño: Yupiyeyo

Coordinación técnica:

arabias

Concello de Carnota

FEMP
FEDERACION ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA, RELACIONES CON LAS CORTES E IGUALDAD
SECRETARÍA DE ESTADO DE IGUALDAD
INSTITUTO DE LA MUJER Y PARA LA IGUALDAD DE OPORTUNIDADES

UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
El FSE invierte en tu futuro

PRESENTACIÓN

Como concelleira de Igualdade e Diversidade é un pracer presentar o **IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes** do Concello de Carnota, que xorde coa vontade de continuar a liña de traballo a prol da igualdade entre mulleres e homes que desde hai anos se vén desenvolvendo a nivel municipal.

O compromiso cun mundo onde as desigualdades por razón de sexo non teñan cabida é ineludible hoxe en día, mais sabemos que a pesares dos avances acaídos seguen existindo discriminacións que limitan o recoñecemento real e efectivo dos dereitos de nenas e mulleres. O machismo segue presente na nosa vida cotiá, en numerosos escenarios públicos e privados, de aí a necesidade de artellar medidas que removan as estruturas sociais que se ancoran en lóxicas tradicionais e misóxinas.

Por este motivo, desde o concello de Carnota poñemos en marcha o IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes, coa intención de que sexa unha folla de ruta que oriente as políticas públicas municipais nesta materia, converténdose, deste xeito, nunha ferramenta de planificación básica para as distintas áreas técnicas e concellerías.

Queremos unha Carnota onde as desigualdades de xénero e as violencias machistas non teñan cabida, e traballaremos arreo nos vindeiros catro anos para alentar ás futuras xeracións sobre a importancia de construír sociedades onde a igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes sexa unha realidade.

O IV Plan Municipal de Igualdade entre Mulleres e Homes elaborouse dun modo participado. Ao longo dos últimos meses tivemos diferentes espazos de traballo conxunto, nos que escoitamos á veciñanza, especialmente ás mulleres de Carnota. O obxectivo foi construír esta ruta de traballo tendo en conta as necesidades, as demandas e as opinións das veciñas.

Hoxe facémosvos chegar a través desta publicación as principais problemáticas identificadas, así como as liñas de traballo que contemplamos para o futuro palialas.

Este Plan elabórase grazas ao financiamento recibido pola Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) no marco das actuacións enmarcadas nas políticas de igualdade de xénero deste organismo.

María del Carmen Armendáriz Villar
Concello de Carnota

ESTRATEXIA MUNICIPAL

Cada ano apostarase pola sensibilización, concienciación e intervención en cada un dos ámbitos nos que se reproducen as desigualdades de xénero:

BENESTAR E COIDADOS

CULTURA E DEPORTES

SENSIBILIZACIÓN

25N

Campañas dirixidas á cidadanía

8M

CAL
APEGO
ESMU
....

ETM

Comunidade educativa e mulleres

COORDINACIÓN

FORMACIÓN

Accións concretas

INTERVENCIÓN

EMPREGO E FORMACIÓN

PODER E PARTICIPACIÓN

Emprego, formación e educación

Que pasa en Carnota?

- Catro campos laborais feminizados: coidados, marisqueo, téxtil e servizos.
- A taxa de paro aumenta especialmente nas mulleres maiores de 40 anos.
- O 42% das mulleres paradas levan en desemprego máis dun ano.
- O grao de temporalidade dos contratos é máis elevado para as mulleres.
- Os estereotipos e os roles de xénero seguen a influír no desenvolvemento das carreiras académicas e profesionais.
- Reprodúcense desigualdades de xénero nos patios dos centros educativos.

Que queremos no futuro?

- Liñas formativas para fortalecer as habilidades na procura de emprego, con especial atención ás novas tecnoloxías e ás competencias profesionais.
- Formación profesional relacionada cos sectores dos coidados, o mar, a xestión forestal e o turismo, que inclúa criterios de paridade.
- Formación especializada en economía social e creación de cooperativas.
- Campañas de sensibilización a prol da igualdade de xénero.
- Obradoiros centrados na igualdade, saúde afectivo – sexual, e prevención de violencias machistas nos centros educativos.
- Espazos de xogo inclusivos e libres de violencias machistas.

Corresponsabilidade, conciliación, benestar e saúde

Que pasa en Carnota?

- As mulleres abandonan a súa vida profesional para asumir os coidados de persoas dependentes e crianzas.
- Hai dificultades para compatibilizar os horarios dos servizos de coidados para as crianzas.
- Necesítase romper cos roles de xénero asignados á maternidade e a paternidade, é urxente un cambio de modelo.
- Moitas persoas maiores están soas.
- As mulleres cun grao de discapacidade física ou psíquica elevado (75% ou máis) dobra o número de homes na mesma situación.
- As mulleres cobran a maioría das prestacións non contributivas, cun promedio de 200 euros mensuais menos.

Que queremos no futuro?

- Máis recursos e servizos de atención a persoas dependentes.
- Estudo das necesidades de conciliación da poboación e adaptación de horarios dos servizos de coidados e atención á infancia.
- Campañas de sensibilización e obradoiros destinados ás familias para romper coa influencia dos estereotipos e roles de xénero.
- Mellora dos servizos de atención sanitaria, nomeadamente nas especialidades de pediatría e saúde mental.
- Romper cos procesos que levan a sobremedicalización das mulleres.

Participación, cultura e deporte

Que pasa en Carnota?

- A participación na ESMU e nas escolas deportivas é igualitaria nos primeiros anos, mais na adolescencia o alumnado é maioritariamente masculino.
- Dáse unha desigual distribución por sexo segundo actividade (instrumento, baile ou deporte).
- Escasa presenza de rapazas e mulleres nos clubs deportivos.
- O tecido asociativo preséntase segregado e non hai asociacións de mulleres.

Que queremos no futuro?

- Campañas de sensibilización para romper cos estereotipos e roles de xénero no eido cultural, deportivo e asociativo.
- Medidas para favorecer a participación das mulleres nos espazos de poder do tecido asociativo comunitario, veciñal, deportivo, cultural e empresarial.
- Acondicionar as instalacións deportivas para o seu uso diferenciado por sexo.
- Creación e dinamización de espazos propios de participación.

Violencia machista



Que pasa en Carnota?

- Dende 2009 até agora 50.244 mulleres denunciaron en Galicia.
- En 2017 denunciaron 6436 mulleres en Galicia.
- Dende 2009 até a actualidade 58 mulleres foron asasinadas en Galicia.
- En 2017, 41 mulleres denunciaron no Partido Xudicial de Muros1 e tramitáronse 16 ordes de protección.
- Dende 2013 até abril de 2018 o CIM de Muros atendeu a 16 mulleres de Carnota en situación de violencia machista.

Que queremos no futuro?

- Campaña de información sobre os recursos e servizos de atención a mulleres en situación de violencia machista no contexto de parella.
- Creación dun protocolo de actuación no marco da Mesa Técnica de Carnota, en coordinación coa Comisión Interinstitucional de Muros.
- Obradoiros dirixidos á mocidade e ás crianzas para previr situacións de violencia machista.
- Análise do espazo desde un enfoque de seguridade e obradoiros de empoderamento para mulleres.